



Fragmento de decorado no xardín da casa de San Roque da autoría de Camilo Díaz Balduino

82

aniversario da proclamación da II República

1931-2013



Elvira Varela Bao



A C T O S

MERCORES 10 DE ABRIL

19.30H.
Presentación como **REPUBLICANA DE HONRA**
2013 de **ELVIRA VARELA BAO**

- Charla -coloquio

Intervieñen:

- Un membro da RAG
- Un representante da CRMH
- Un investigador
- Elvira Varela Bao

Lugar: Real Academia da Lingua Galega. Rúa Tabernas 11
15001 A Coruña

VENRES 12

19.30H
Homenaxe ás vítimas do Franquismo no Memorial
da Avda. de Navarra

- Ofrenda floral
- Acto de lembranza das vítimas da represión franquista

21.30H
**CEA DA REPÚBLICA- HOMENAXE a Elvira
Varela Bao**

- Entrega da peza institucional

Lugar: Hotel María Pita na Praia do Matadoiro da Coruña.

Inscripción para acudir á cea antes do 10 de abril no
teléfono 607 506 231 e ingreso de 21 Euros na conta de
2096-0489-11-32745331004

Nace **Elvira Varela Bao** na Coruña, nun 1926 que anunciaba un amencer de modernidade, do que ela –como tantos da xeración de quen foron nenos durante a II República–, aprendeu como quen aprende as letras e nunca esqueceu. “Éramos catro que éramos un”; así describe Elvira a familia na que se criou. Ela, un irmán máis novo, un pai que desbotou un futuro de éxito como capitán mercante por non andar lonxe da súa terra e unha nai que malia ser xa daquela muller comprometida e traballadora fóra da casa, separábase dos seus fillos o imprescindible: “*Alí ven Elvira Bao coa súa cruz*”, lembra con ironía a súa filla.



Os pequenos Elvira e Bernardino Varela Bao, paseando pola Coruña cos seus pais, Bernardino Varela do Campo e Elvira Bao Maceiras.

As figuras do seu pai e nai, Bernardino Varela e Elvira Bao, ambos galeguistas e republicanos, que compartiron preocupacións políticas, culturais e pedagóxicas da Galicia do seu tempo, ilustran valores de progresismo e galegidade truncados pola sublevación e a represión desencadeada no verán de 1936.


Elvira Bao Maceiras (1891-1971). Titulada en 1917 como mestra, tras unha breve etapa en Redes, exerceu no Sanatorio Marítimo de Oza desde 1920 a 1936. Membro da Irmandade da Fala d'A Coruña, formou parte do seu Cadro Artístico levando polos escenarios o teatro en galego. O seu galeguismo e as súas preocupacións pedagóxicas fúndense na participación no proxecto das Escolas de Insiño Galego, impulsado por Anxel Casal, sendo proposta para a escola de nenas que non chegou a funcionar. Xa durante a República foi a primeira Presidenta

da Agrupación Republicana Femenina (1933), ocupando diversos cargos nas sucesivas directivas; foi tamén vocal da Xunta de Protección de Menores e da Xunta de Beneficencia .




Elvira Bao Maceiras con nenas no Sanatorio de Oza

Bernardino Varela do Campo (1889 -1944) Piloto e capitán da mariña mercante. Fundador da Escola de Náutica da Coruña onde impartirá docencia de Cosmografía e Navegación. Activo militante da Irmandade da Fala d'A Coruña desde 1918 e asinante do Manifesto Nazonalista da Asamblea de Lugo, e membro do Partido Galeguista despois. Secretario do xornal *A Nosa Terra*. Traductor ao galego dos versos de R. Tagore, e de autores teatrais europeos como Maeterlinck, Strindberg, Dantas, Laranjeira e outros, para as representacións organizadas polas Irmandades. Editor do primeiro conto para nenos en galego, atribuído a Vicente Risco aínda que deliberadamente encabezado pola sinatura da “*Irmandade de Galicia*”.



Xuramento da Irmandade da Fala asinado por Bernardino Varela

E “*Elvirita*”, **Elvira Varela Bao**, sempre da man dos seus pais, olla e aprende nunha infancia feliz, onde se mesturan a firme integridade da súa nai, sempre preocupada polo benestar dos nenos do Sanatorio e a discreta pero incesante actividade do seu pai. Aprendendo, no autobús que leva a Agrupación Republicana Femenina, as palabras de homenaxe aos mártires de Carral que finalmente esquece ao depositar as flores, posando diante de Anxel Casal e Suárez Ferrín na recepción que o Concello compostelán fai á Agrupación Republicana Femenina, e entre os amigos e compañeiros da familia que andan a tecer un novo futuro para o país, Villar Ponte, Carmen Chao, Alvaro Cebreiro, Víctor Casas e moitos outros.



Contos para nenos. Ilustración de Álvaro Cebreiro. 1921

“*As miñas armas son estas*” dixo Bernardino Varela, sinalando a biblioteca, nun primeiro rexistro e detención, recién comezada a sublevación militar de 1936. Poucos días despois a detida é Elvira Bao, permanecendo tres meses presa, sen ningún tipo de xuízo. A iso seguiron as inquetantes declaracións de madrugada ante as autoridades, o acoso de grupos de falanxistas, o cese nos seus respectivos traballos, as sancións económicas e as novas das mortes e encarceramento de moitos coñecidos. A represión acontecida en Galicia non atende a gañar unha guerra civil, senón a derruír unha sociedade civil e democrática para erguer un réxime de características totalitarias e fondamente antidemocrático. Aínda así, os amigos buscan nas charlas na casa de Bernardino o seu inquebrantable optimismo; morre en 1944 temendo que a invasión aliada o colla na cama. Elvira Bao pasa case 10 anos sen saír apenas da casa até que retoma o labor docente nunha escola que atende coa axuda da xove Elvira Varela. Sorte no medio daquela grisura tiveron os nenos que a finais dos 40 foron educados por unhas mulleres que aínda daban en acudir ao *Quixote* para ensinarlles:



Cartela de madeira que penduraban da cesta na que levaban comida a Elvira Bao mentras estivo presa. 1936.

“*La libertad, Sancho, es uno de los más preciados dones que a los hombres dieron los cielos*”.



Foto NOVA - San Andrés, 77 - Teléfono 2100 - La Coruña

E para Elvira Varela a vida apenas acaba de empezar. Os recursos familiares xa non chegan para os seus estudos e fórmase de xeito autodidacta, aprende inglés, casa cun cidadán norteamericano ao que coñece no seu traballo, percorre e vive o mundo sen deixar de ser galeguista e republicana. E non deixará de exercer os valores aprendidos, nas últimas décadas, nin cando pinta murais que divirten aos nenos da familia, nen cando defende a súa casa dunha abusiva expropiación ou calceta agarimosa panos co lema de “*Nunca Máis*”.

Viven no salón da casa de Elvira todas esas lembranzas. A memoria dos seus pais e do noso país. E ela cóida e nola explica, pon voz e nomes a fotografías, pasa páxinas de primeiras edicións literarias e de manuscritos de Cabanillas, Risco ou Murguía. Remenda no posible os vellos papeis e a nosa propia desmemoria. Dese esforzo de Elvira herdaremos explicacións imprescindibles para a nosa cultura. Se merecida é a homenaxe a Elvira, sirva tamén esta para reclamar o recoñecemento e adecuado estudo das figuras dos seus pais. Alí nos esperan as primeiras traducións ao galego do teatro europeo de principios do século XX –manuscritas con traspuntes e escenografías–; notas de prensa anotadas por Bernardino contra a aldraxe ao galego na representación de *La Tragedia Cristobalón*, no teatro Linares Rivas; o retrato de Cabanillas feito por Pacheco, pranchas de imprenta de *A Nosa Terra*, contos para nenos que non se chegaron a editar no seu tempo, a súa rica biblioteca, e moitos máis documentos sobre como se alumeou un futuro para Galicia e da represión que o truncou.